

# I CERTAME DE MONÓLOGOS CÓMICOS DE BOCA EN BOCA

**Organiza:**

IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Tel.: 981 203 000

[ies.menendez.pidal@edu.xunta.es](mailto:ies.menendez.pidal@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmenendezpidal/>



IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

**Colabora:**



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Mocidade, Solidariedade e  
Normalización Lingüística



IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

O IES Menéndez Pidal, coa colaboración da Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña, convoca o **I Certame de monólogos cómicos De Boca en Boca**. Esta actividade ten por obxectivo fomentar o uso do galego entre a mocidade e está encadrada dentro dun proxecto máis amplo que xira sobre a identidade galega e que leva por título “Di somos id.”

### Quen pode participar?

Poderán participar todos os IES e os CIFP da comarca da Coruña, en concreto dos concellos de: Abegondo, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. O certame está destinado ao estudantado da ESO e bacharelato destes centros ou, no seu caso, dos correspondentes ciclos formativos.

Cada centro educativo poderá inscribir entre unha e dúas persoas por cada categoría.

As categorías son:

- 1.ª categoría: primeiro ciclo da ESO
- 2.ª categoría: segundo ciclo da ESO
- 3.ª categoría: bacharelato e ciclos formativos

### En que consiste o monólogo?

Nun discurso, en galego, de tres minutos, dirixido ao público e que ten que xirar sobre os ditos e os refráns galegos.

Para poder elaborar e preparar o monólogo, convidase os/as participantes a visitaren o blogue do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña, [snlacorunha.blogaliza.org](http://snlacorunha.blogaliza.org) e contemplar as imaxes do fotógrafo Raúl Vázquez que se inspiran en ditos e refráns.

### Bases xerais:

**1. Inscripción.** Os centros interesados en participaren no certame de monólogos cómicos De Boca en Boca deberán comunicar primeiramente a súa intención de se inscribiren enviando un correo electrónico [n.seoane@coruna.es](mailto:n.seoane@coruna.es) antes do 17 de marzo. A seguir, a organización contactará cos centros interesados.

**2. Prazas.** Cada centro educativo poderá inscribir entre unha e dúas persoas por cada categoría. As prazas outorgaranse por orde de inscrición e, se houber un maior número de inscricións, elaboraranse unha listaxe de reserva de centros. O 21 de marzo mandarase un correo electrónico en que se lle comunicará a cada centro o número de prazas que lle corresponde.

**3. Documentación e prazo.** Unha vez coñecidas as persoas de cada centro educativo que van participar no certame, este deberá enviar por correo ordinario a folla de inscrición, debidamente cuberta e co selo do instituto, antes do 8 de abril.

**4. O certame terá lugar o día 14 de abril de 2011** e será no salón de actos da Fundación Novacaixagalega, no Cantón Grande, 21, A Coruña, ás 19:00 h.

**5. Procedemento do certame.** Os/as participantes irán saíndo ao escenario, segundo a categoría e por unha orde anteriormente establecida, unha vez os/as vaia presentando a persoa que dinamiza o certame.

**6. Xurado.** O xurado estará composto por tres persoas do ámbito da dinamización lingüística e do espectáculo. O veredicto será inapelable e terá lugar o mesmo día do certame. O xurado resérvase a posibilidade de declarar un ou varios premios desertos.

### 7. Premios

- 1.º premio de cada categoría: un netbook
- 2.º premio de cada categoría: un mp3